

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

466 Orde FOM/22/2015, do 19 de xaneiro, pola que se modifica o anexo III do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral.

O Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral, supuxo a incorporación ao ordenamento xurídico interno da Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 2008, sobre a interoperabilidade do sistema ferroviario dentro da Comunidade, así como da Directiva 2009/131/CE da Comisión, do 16 de outubro de 2009, que modificaba o anexo VII da citada Directiva 2008/57/CE.

Posteriormente, o citado real decreto foi modificado pola Orde FOM/3218/2011, do 7 de novembro, pola que se modifican os anexos II, V e VI do real decreto, e pola Orde FOM/421/2014, do 3 de marzo pola que se modifica o seu anexo III.

A disposición derradeira cuarta do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, autoriza o ministro de Fomento para modificar os seus anexos cando sexa necesario como consecuencia do que dispoña a normativa comunitaria. De acordo coa dita autorización, dítase esta orde ministerial coa finalidade de incorporar ao ordenamento xurídico español a Directiva 2014/38/UE da Comisión, do 10 de marzo de 2014, pola que se modifica o anexo III da Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a interoperabilidade do sistema ferroviario dentro da Comunidade. A Directiva 2014/38/UE pretende evitar a aplicación de disposicións nacionais máis rigorosas en canto ao ruído emitido polo material rodante novo e rehabilitado xa que isto afectaría negativamente a interoperabilidade do sistema ferroviario dentro da Comunidade, establecendo para isto unha regulación máis precisa ao respecto co fin de evitar a ambigüidade e estipular o obxectivo xeral que persegue a directiva con relación ao ruído.

Na súa virtude, por proposta da Dirección Xeral de Ferrocarrís, coa conformidade do secretario xeral de Infraestruturas e do secretario de Estado de Infraestruturas, Transportes e Vivenda, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. Modificación do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral.

Modifícase o número 1.4.4. do anexo III do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1.4.4 O deseño e a explotación do sistema ferroviario non debe dar lugar á xeración dun nivel de ruído inadmisibile:

- nas zonas próximas a infraestruturas ferroviarias, segundo se definen no artigo 3 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e
- na cabina do condutor.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1 21ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde ministerial incorpórase ao dereito español a Directiva 2014/38/UE da Comisión, do 10 de marzo de 2014, pola que se modifica o anexo III da Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a interoperabilidade do sistema ferroviario dentro da Comunidade.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de xaneiro de 2015.—A ministra de Fomento, Ana María Pastor Julián.